

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUGARDOS

Regulamento e normas de organización e funcionamento da escola pública municipal As Lagoas

A N U N C I O

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO E NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA AS LAGOAS

O Concello Pleno aprobou inicialmente, en sesión realizada o día 22 de febreiro de 2013, o Regulamento e normas de organización e funcionamento da Escola pública municipal As Lagoas; publicado o anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 51, de data 14 de marzo de 2013, e ten sido elevado a definitivo ao non terse formulado reclamacións contra o ditoacordo no prazo hábil concedido.

Acto seguido e de conformidade coa art. 70.2 da lei Reguladora das Bases do Réxime Local, se procede á publicación do texto íntegro:

REGULAMENTO E NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA “AS LAGOAS “

CONCELLO DE MUGARDOS

A Escola Municipal de Música, depende do Concello de Mugardos, é un centro dedicado a ensinanza da música, aberto tanto a nenos/as como adultos, coa finalidade de formar afeccionados sin perxuiçodaqueles que teñan un especial talento e vocación desexen ser profesionais.

A base legal sobre a que está constituída este regulamento de rexime interno son as seguintes:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación.
- Lei Galega de convivencia da comunidade educativa, 4 /2011 do 30 de xuño
-

TITULO I: ÁMBITO DE APLICACIÓN

TITULO II : ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

Capítulo 1: Organización das ensinanzas.

Capítulo 2: Dirección da Escola Municipal de Música

Capítulo 3: Departamento didácticos:

- Carácter e composición dos departamentos didácticos.
- Competencia dos departamentos didácticos.

TITULO III: RECURSOS HUMANOS

Capítulo 1: Profesorado

Capítulo 2: Persoal non docente

Capítulo 3 : Alumnado.

TITULO IV: RECURSOS MATERIAIS

Capítulo 1: Uso das instalacións, do mobiliario e material do Centro.

Capítulo 2: Cesión de instrumentos.

TITULO V: RÉXIME ADMINISTRATIVO E ECONÓMICO

Capítulo 1: Servizos da Escola Municipal de Música.

Capítulo 2: Admisión de alumnado.

Capítulo 3: Matriculación

Capítulo 4: Pagos

Capítulo 5: Calendario Escolar.

TÍTULO I: ÁMBITO DE APLICACIÓN

O ámbito de aplicación do presente regulamento é a Escola Municipal de Música “AsLagoas” depende do Concello de Mugardos.

O ingreso na Escola Municipal de Música supón a aceptación desteregulamento de réxime interno.

TÍTULO II : ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO.

Capítulo 1: Organización das ensinanzas

O estudo do instrumentos na Escola Municipal de Música das Lagoas pódese iniciar a partir dos 7 anos cumpridos no ano natural do comezo do curso.

As clases de instrumento serán clases en grupo de 3 persoas, a razón de 1 hora semanal por grupo.

1 . LINGUAXE MUSICAL

2. INICIACIÓN MUSICAL (6 a 7 anos)

3. MUSICA E MOVEMENTO (4 a 5 anos)

Capítulo 2: Dirección da Escola Municipal de Música

A dirección da Escola Municipal de Música estará a cargo dos órganos competentes do Concello e do director que designe o Concello de Mugardos.

1. Representar académicamente a Escola Municipal de Música

2. Favorecer a convivencia do alumnado na Escola e garantir o procedemento para imposer as correccións que correspondan, de acordo coas disposicións vixentes.

3. Informar a técnica cultural do Concello de todas aquelas actividades que se quera levar a cabo dentro da Escola Municipal de Música.

Capítulo 3: Departamento didácticos

- Carácter e composición dos departamentos didácticos:

Os departamentos didácticos son os órganos básicos encargados de organizar e desenrollar as ensinanzas propias das especialidades e asignaturas que lles correspondan, e as actividades que lles encomenden dentro do ámbito das súas competencias e da normativa vixente.

Os Departamentos Didácticos están compostos por tódolos profesores do Centro.

- Competencias dos departamentos didácticos:

1. Organizar e revisar, antes do comezo do curso académico, a Programación didáctica das asignaturas e especialidades que configuran o Departamento

2. Darlle a conocer os alumnos a información relacionada coa programación, con especial referencia á os obxetivos, contidos e criterios de avaliación.

3. Manter actualizada a metodoloxía didáctica, e promover o desenvolvemento de actuacións de mellora dos procesos de enseñanza e aprendizaxe.

4. Proponer, organizar e realizar actividades complementarias en colaboración coa técnica de Cultura do Concello de Mugardos.

TÍTULO III: DOS RECURSOS HUMANOS

Capítulo 1: Do profesorado

1. Deberes do profesorado

Extremar o cumprimento das normas éticas que exige a súa función educativa.

Asegurar de modo permanente o seu propio perfeccionamento musical, técnico e pedagógico.

Colaborar na realización de actividades extraescolares.

Recuperar, sin alterar o normal funcionamento do Centro, aquelas clases que fora necesario cambiar por motivos persoais do profesorado, e sempre coa autorización da empresa contratante.

Capítulo 2 : Persoal non docente

O persoal non docente constitúe un elemento fundamental da boa marcha da Escola Municipal de Música, contribuíndo o funcionamento da mesma.

Funcións do persoal non docente:

- Custodia do edificio, material e instalación.
- Desenrolar servizos de limpeza
- Controlar a entrada das persoas alleas a Escola Municipal de Música
- Manexar as máquinas e material da Escola Municipal de Música (fotocopiadora, ordenador, materiais deportivos etc)
- Atender e informar o alumnado da Escola Municipal de Música
- Abrir e pechar a Escola
- A súa labor farase nos meses que a Escola Municipal de Música permanezca aberta de outubro a maio.

O persoal non docente non será o responsable da entrega de boletíns, estes serán entregados por cada profesor os seus alumnos.

Capítulo 3: Do alumnado

1. Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas o desenvolvemento do plan de estudos

No caso dos alumnos menores, os pais deberán traer e recoller os rapaces coa maior puntualidade, pois o centro non se fai responsable dos rapaces fora do horario lectivo.

2. En caso de falta de asistencia a clase non se recupera.
3. Cumprir e respetar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do Centro.
4. Seguir as orientacións do profesorado respecto do seu aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.
5. Respetar os horarios das clases no que están estudando os seus compañeiros
6. Coidar o material e o espazo do Centro

TÍTULO IV : DOS RECURSOS MATERIAIS

Capítulo 1: Uso das instalacións, do mobiliario e do material do centro:

1. A Escola Municipal de Música dispón do mobiliario e material adecuados as ensinanzas que se imparten.
2. O alumnado deberá en todo momento, facer bo uso tanto das instalacións, como do mobiliario e material da Escola. A negligencia no uso, ou deterioro malintencionado dos mesmos poderán derivar nas responsabilidades correspondentes.

Capítulo 2 : Cesión de instrumentos

A Escola Municipal de Música ten un servizo destinado a cesión de instrumentos para aqueles alumnos/as que empezan con un instrumento ata a compra dun propio.

O servizo da cesión de instrumentos está suxeito as condicións seguintes:

- Solicitude de préstamo, na que figuran os datos persoais do alumno/a.
- Dita solicitude ten que estar firmada, polos tutores en caso dos menores.
- O período do préstamo do instrumento non será maior do curso escolar, ao remate do curso escolar o/a alumno/ a NON PODERÁ conservar o instrumento.
- O alumno/a procurará, en todo momento, facer bo uso do instrumento prestado, podendo incurrir en responsabilidades.
- En caso de desperfeitos, rotura ou desaxuste do instrumento, será o alumno/a o /a encargado/a da súa reparación, posta a punto ou reposición. A Escola non se responsabiliza, en ningún caso de dita reparación.

TÍTULO V: RÉXIMEN ADMINISTRATIVO E ECONÓMICO

Capítulo 1: Servizo da Escola municipal de Música

1. O horario de atención ao público expóñase no taboleiro de anuncios do comezo de cada curso.

2. A Técnica en Animación Sociocultural do Concello teráuns días de atención aos pais e nais para tratar calquer problema do funcionamento da Escola.

3. O profesorado atenderá consultas relativas as clases, previa petición de cita.

Capítulo 2: Admisión do alumnado

1. As matriculas faranse no departamento de Cultura do Concello de Mugardos.

2. Poderán matricularse os alumnos/as a partir de 4 anos cumpridos no ano natural, estén ou non empadroados no Concello de Mugardos.

3. Os alumnos/as de 4 a 5 anos, serán admitidos para cursar Musica e movemento, sin instrumento.

Capítulo 3: Matriculación

1. As datas de matriculación anunciaranse coa debida antelación no taboeiro de anuncios da Escola, non admitíndose ningunha matricula fora de prazo.

2. Por necesidades do centro, poderanse admitir novas matrículas previo anuncio no taboleiro do novoprazo.

3. Poderán renovar súa matricula tódolos alumnos/as que:

a) Os que estiveron durante todo o curso anterior.

b) Non teñan recibos pendentes.

4. A matriculación de novos alumnos/as de instrumentos:

Unha vez pechado o prazo para os antigos alumnos abrírase o prazo de matriculación para os novos.

5. Si o número de solicitudes superase o de matriculas ofrecidas pola Escola de Música, estas serán otorgadas mediante sorteo.

Capítulo 4: Pagos

Os pagos rexeranse conforme a Ordenanza Fiscal núm. 14 Reguladora da taxa pola prestación de servizos deportivos, culturais e de lecer, do Concello de Mugardos

Capítulo 5: Calendario escolar

A Escola Municipal de Música “ AS LAGOAS ” do Concello de Mugardos, comezará o día 1 de outubro e rematará o 31 de maio.

Mugardos, 2 de maio do 2013

O alcalde

Xosé Fernández Barcia

2013/6034